

ÁMBITO

Localidade	GUITIRIZ
Comarca	LUGO-CENTRO (Terra chá)
Lugar de realización	CASA DAS PALABRAS DE GUITIRIZ

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	12
Nº de non militantes asistentes	5
Nº de militantes convocad@s	

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	XOSÉ LOIS GLEZ. SOUTO (CONCELLEIRO)
Representante do Consello Nacional	XOSÉ FERREIRO

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2H
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	CLÁSICA

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

VALORACIÓN POSITIVA NO ASPECTO FORMAL DA REUNIÓN QUE TRANSCURRIU CON NORMALIDADE. AMPLA PARTICIPACIÓN DOS ASISTENTES E DEBATE ÁXIL.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

- NECESIDADE DO NACIONALISMO PARA O PAÍS
- VIXENCIA DO BNG COMO FERRAMENTA
- PRESENZA SOCIAL
- PRESENZA INSTITUCIONAL

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Con carácter xeral:

Avaliáase a necesidade do nacionalismo no noso País como algo fundamental con plena vixencia do mesmo e coa necesidade de achegarlle á cidadanía a importancia do mesmo neste momento e tratar de pór en valor a importancia que tivo no pasado. O BNG é unha ferramenta do nacionalismo para defender os intereses da cidadanía. Precisamos que a cidadanía a perciba como tal e que faga uso dela e dende o BNG temos que estar sempre preparados para isto.

Valorase positivamente a presenza social e institucional do BNG, aínda que hai eivas que corrixir en canto a que a cidadanía perciba que se pode achegar a nós. É preciso mostrarse mais receptivos. Sae o tema da Deputación de Lugo, avaliando o traballo coma positivo nun ambiente moi complexo. Suscítanse dúbidas sobre a conveniencia ou non de estar no goberno e plantéxase asimesmo que sen o BNG póñense en perigo moitas actuacións iniciadas polo BNG nestes anos.

Radiografía da Galiza de hoxe

Galiza cambiou moito nestes anos. A presenza maior cada vez, dos medios audiovisuais e internet, está a producir unha crecente homologación cultural e social. A presión mediática ten un efecto españolizador na xuventude que se vé homologada á de outras zonas do estado.

Estratexia política do nacionalismo galego

Valórase positivamente a estratexia soberanista que está a desenvolver o BNG e a necesidade de incidir nela.

A apertura social é necesaria sen chegar a concretar o xeito mais acaído.

Non se valora positivamente os chamados procesos de confluencia en canto o que supoñen de españolizar a política galega aínda mais, dando paso a actores que non estaban presentes.

Participación política e modelo organizativo

Non se entrou a debater o modelo organizativo, mais sí se fixo unha lectura pesimista do acontecido na Asemblea Nacional no senso de que sigue a haber divisións entre a militancia.